

HISTORIAS DO INFRAMUNDO: O SUBSOLO NO IMAXINARIO COLECTIVO

BEATRIZ COMENDADOR-REY*

Resumo: *Dentro da noción de paisaxe cultural, neste traballo partimos da paisaxe percibida, e dos relatos e das narrativas que as sociedades crean sobre o territorio. No ámbito do noroeste peninsular, o mundo mitolóxico establece unha relación específica entre as paisaxes aéreas e o mundo subterráneo, na que están presentes as covas, os penedos, a auga e a mourindade. As características deste mundo «baixo a terra» ou inframundo, e da influencia da súa estrutura simbólica na interpretación dos elementos que están «na superficie», resultan escasamente tratadas. Aínda que algunhas cavidades foron estudadas dende ámbitos como a xeoloxía, a espeleoloxía, ou a arqueoloxía, resulta necesaria a aplicación dun enfoque antropológico ao estudo destas construcións simbólicas. Propoñemos integrar os distintos ámbitos de coñecemento, tanto para a súa investigación, como para a súa difusión e socialización.*

Palabras clave: *Xeomitoloxía; paisaxe cultural; cova; inframundo.*

Abstract: *Within the cultural landscape concept framework, our research explores the perceptible landscape alongside the narratives and tales woven by societies concerning their land. Centred explicitly in the northwest of the Iberian Peninsula, the mythological realm establishes a unique relationship between aerial landscapes and the subterranean world, in which caves, water reservoirs, and the «mouros» world are present. However, the attributes characterising this underground world — referred to as the underworld — along with the influence of its symbolic structure on the interpretation of surface-level elements have received limited attention. Although specific caves have undergone scrutiny from the perspectives of geology, speleology, and archaeology, there remains an urgent requirement to employ an anthropological approach to comprehending these symbolic constructs.*

Keywords: *Geo-mythology; cultural landscape; cave; underworld.*

INTRODUCCIÓN

Neste traballo partiremos da noción da paisaxe cultural, entendendo que é un espazo creado polos membros dunha cultura que conforma os modos de ser e pensar, e que tamén ten un carácter performativo da vida social¹. Polo tanto, alén dos compoñentes naturais e antrópicos, resulta fundamental a información sobre a paisaxe percibida e a elaboración de relatos ancorados ao territorio.

En anteriores ocasións temos tratado da relación entre arte rupestre, tesouros e outros fitos, sinalando tamén o seu papel na construción da paisaxe cultural no ámbito do noroeste peninsular². Nesta ocasión queremos centrarnos na temática das cavidades no imaxinario popular³, entendendo por tal aquelas representacións simbólicas que van

* Universidade de Vigo. Email: beacomendador@uvigo.es.

¹ ÁLVAREZ, 2011; CRIADO *et al.*, 2016.

² ALVES, COMENDADOR, 2009.

³ VILLA, 2009.

mudando ás sociedades humanas dando sentido ás actuacións individuais e colectivas que conforman o transcórrecer da vida cotiá. Como xa fora indicado⁴, alén dos mitos, o estudo do imaxinario incorpora toda unha serie de materiais construídos mediante o pensamento simbólico. Os relatos sobre cavidades constitúen unha parte deste pensamento compartido que adoita abordarse dende unha perspectiva individual e fenomenolóxica. O «mundo que está debaixo», ou *inframundus*, presente en diversos imaxinarios, non alude simplemente a outro espazo físico que se atopa baixo a terra, senón que supón a unha dimensión diferente da realidade. Neste sentido, resulta especialmente significativa a xeografía simbólica dos pobos meso americanos e as súas implicacións nas investigacións arqueolóxicas⁵.

Neste ensaio trataremos de indagar ata que punto as narracións sobre o territorio estruturan a construción colectiva dun «inframundo» con carácter cosmolóxico.

1. A INVESTIGACIÓN SOBRE CAVIDADES NO NOROESTE PENINSULAR

Dende o punto de vista xeolóxico, a presenza de cavidades no ámbito do noroeste peninsular foi sempre pouco valorada pola investigación, sobre todo por oposición a territorios de outras xeografías kársticas con rochas solubles en auga e cunha longa tradición arqueolóxica vinculada ás mesmas⁶. A ausencia ou escaseza de rochas calizas no noroeste e o feito de que boa parte do territorio de Galicia, Salamanca, Cáceres e Norte de Portugal estea no dominio das rochas graníticas, promoveron un prexuízo sobre a posible presenza de cavidades en cuarcitas, xistos e granitos⁷, e tamén sobre os usos vinculados, xa que non se contemplou a posibilidade de que foran espazos útiles.

Esta situación dou un gran cambio nos últimos anos cara un mellor coñecemento do medio. Recentes estudos deron a coñecer a existencia de amplos sistemas de cavidades en granito coñecidas como pseudokarst⁸, así como de parakarst⁹. Dende o 2018, a Federación Galega de Espeleoloxía desenvolve o proxecto do Atlas Galego de Covas e Canóns, que se está desenvolvendo por fases, coa previsión de acadar os 30 km de modelos dixitais en 2024¹⁰. Ata agora conta con 494 cavidades e 13 canóns inventariados, que supoñen 40 km topografiados e 1102 m de profundidade, nos que se atopan

⁴ LLINARES, 1990: 11.

⁵ BRADY, VILLAREJO, 1993.

⁶ FERNÁNDEZ, 2016, 2017; MÉNDEZ *et al.*, 2020: 15.

⁷ Comunicación persoal de Marcos Vaqueiro.

⁸ VAQUEIRO, 2017; VAQUEIRO, VIDAL, COSTAS, 2020.

⁹ VAQUEIRO, VILLARMEA, VIDAL, 2022.

¹⁰ Este proxecto conta con información xeral de acceso aberto e público, e con información específica con acceso regulado, destinada a espeleólogos, investigadores e outros interesados (resposta a emerxencias, por exemplo). É Proxecto de Especial Relevancia, e contou con financiación da Secretaría Xeral Deportes en 2021 e 2022. Dispoñible en: www.espeleoloxia.org/atlas/.

covas kársticas, parakársticas, pseudokársticas, as denominadas covas de consecuencia, e outros tipos, como un proxecto sobre as furnas no litoral atlántico¹¹.

Dende o punto de vista arqueolóxico, aínda que a temperán escavación realizada en torno a 1867 por Villaamil y Castro en Furada dos Cas¹² (Vilamor, Mondoñedo, Lugo), considérase unha das primeiras intervencións realizadas en Galicia con metodoloxía científica¹³, a arqueoloxía de cavidades nunca tivo unha valoración efectiva ata datas recentes. Tamén por esta razón, funcionou un prexuízo con respecto ás posibilidades de localizar arte rupestre prehistórico vinculado. De novo, nos últimos anos, a investigación dou un salto cuantitativo a este respecto, integrando o estudo das cavidades nas áreas kársticas polo seu gran potencial. Ademais tanto nas cavidades kársticas como no pseudokarst, localízanse depósitos arqueolóxicos de moito interese, aínda que prima o estudo dos mais antigos, considerándose o resto intrusións ou disrupcións dos niveis «interesantes»¹⁴. Finalmente, identificáronse manifestacións de arte rupestre de considerable interese, tanto en cavidades como en abrigos onde chega a luz solar.

Pero se ben a integración dos aspectos xeolóxicos, espeleolóxicos e arqueolóxicos resulta escasa, é máis sorprendente a ausencia dun enfoque antropolóxico sistemático que integre e enriqueza as dimensións tanto da súa investigación como a súa difusión e socialización. Os estudos publicados con carácter sintético sobre mitos e lendas relacionados con cavidades no ámbito do noroeste peninsular son poucos¹⁵, e a integración destes aspectos no enfoque da investigación é aínda moito menor. O tratamento parcial, a escasa capacidade de lectura diacrónica e de integración da información etnográfica, limita tamén as posibilidades de entendemento dos usos e mentalidades.

Imos ilustrar este aspecto cun exemplo: o da Cova do Santo, Pardollán (Vilardesilva, Rubiá, Ourense). Esta cavidade proporcionou numerosos restos humanos e de animais desarticulados, posiblemente en deposición secundaria datados entre 1890-1600 cal BC, aportando valiosísima información sobre a dieta e características das poboacións da Idade do Bronce. Foron identificadas patoloxías dexenerativas das articulacións relacionadas cunha intensa actividade física en idades novas. Todos estes aspectos foron dados a coñecer nas publicacións en revistas especializadas¹⁶. Este valioso estudo antropolóxico sobre un dos conxuntos funerarios máis importantes da prehistoria do noroeste acada unha nova dimensión na procura de novas informacións sobre o contexto. Cando visitamos o lugar, foi posible coñecer algúns aspectos que completan esta información arqueolóxica dende

¹¹ LORENZO, PÉREZ, 2022.

¹² VIGO, 2007.

¹³ LOMBERA *ed.*, 2011.

¹⁴ VAQUEIRO, 2003; FÁBREGAS *et al.*, 2012; RODRÍGUEZ, FÁBREGAS, CARRERA, 2019; MÉNDEZ *et al.*, 2020.

¹⁵ COSTAS, OTERO, LÓPEZ, 2008. Posteriormente á entrega de este texto foi publicado CLUBE ESPELEOLÓXICO MAÚXO, CID, 2022.

¹⁶ LÓPEZ, MÜLDNER, MARTÍNEZ, 2015; LÓPEZ, 2008.

outros ámbitos de coñecemento¹⁷. Se indagamos na propia etioloxía ou causa do topónimo «cova do santo», vemos que está directamente relacionada coa presenza das ruínas dunha antiga capela adicada a Santomé, o San Arangaño ou Arangañín, o santo que curaba o arangaño ou raquitismo infantil. Esta capela estaba inmediatea a unha sima ou pozo que comunicaba directamente co interior da cavidade. Nas primeiras inspeccións aínda se vían ósos nesta sima, polo que só os resultados do C¹⁴ convenceron a algunhas persoas de que eses achados eran prehistóricos, e non contemporáneos (Fig. 1). É de salientar que na contorna inmediatea desta cavidade abunda o ferro, manifesto tanto na presenza de ocre (as Minas de Melgoto/Pintura foron explotadas ata os anos 70), como nos mananciais de augas ferruxinosas, propicios para curar as anemias e trastornos da infancia, pero tamén para tratar a osteoartrite. A tradición consérvase, xa que unha vez arruinada a capela, a imaxe de Santomé foi conservada na igrexa románica de Santo Estevo, e posteriormente, na nova Igrexa de Pardollán. Toda esta información enriquece sumamente o contexto deste achado dende outros puntos de vista e exemplifica o desentendemento entre ámbitos de coñecemento para abarcar a biografía do lugar dun xeito integrado.



Fig. 1. Cova do Santo, Pardollán (Vilardesilva, Rubiá, Ourense)

¹⁷ Agradecemos a Santi Ferrer e José Fernández (Pepe), tanto as informacións como as fotografías da descuberta.

Os percorridos académicos da arqueoloxía e a antropoloxía non estiveron sempre separados na tradición académica peninsular. Só a chegada do funcionalismo e da arqueoloxía procesualista propiciará a separación entre disciplinas, o que repercutirá na negación destas narrativas como instrumento de investigación e vía de comprensión das mentalidades por parte da arqueoloxía. Por outra banda, o concepto de antropoespeleoloxía xa fora proposto como un aspecto fundamental na recuperación dos contextos culturais das cavidades¹⁸.

Dende o noso punto de vista, a ausencia dun enfoque integrado impide ver a importancia das covas e a construción da idea do inframundo na conformación da topografía simbólica, así como o seu sentido no imaxinario colectivo. Neste sentido, consideramos referenciais cun carácter integrado, os traballos sobre a arqueoloxía das cavidades realizados en Irlanda¹⁹, Norte de Extremadura²⁰, ou en México, como os promovidos polo Grupo Espeleolóxico AHAU²¹.

2. XENTE NAS COVAS...²²



Fig. 2. Algún dos termos empregados nas linguas vernáculas para designar ás cavidades

A primeira vía de acceso a eses relatos ancorados na paisaxe é a toponimia. Podemos comezar mencionando a riqueza das linguas vernáculas para sinalalas (Fig. 2). As procuras en proxectos de carácter colaborativo, como Galicia Nomeada²³ permiten identificar

¹⁸ COSTAS, OTERO, LÓPEZ, 2008.

¹⁹ DOWD, 2015.

²⁰ CERRILLO, GONZÁLEZ, 2007.

²¹ EVIA, 2018, 2020.

²² Este subtítulo e o seguinte parafrasean os títulos do traballo de Marion Dowd.

²³ Dispoñible en <<https://galicianomeada.xunta.gal/sixtop/inicio>>.

centos de topónimos que inclúen estes termos facendo alusión á presenza das mesmas, xa como designación de accidentes terrestres e terras, das propias entidades humanas e vías de comunicación, de «minas» de auga e, incluso, accidentes costeiros, revelando a súa abundancia e importancia para as distintas comunidades, que configuran a súa paisaxe cultural (Fig. 3).

Fig. 3. Distribución do topónimo «cova», xa como designación de accidentes terrestres e terras, das propias entidades humanas e vías de comunicación, de «minas» de auga ou accidentes costeiros (a partir da consulta dos datos online do Proxecto Galicia Nomeada)



Os topónimos específicos sinalan, en moitas ocasións, os seus diversos usos ao longo do tempo: como refuxio ou abrigo, tanto para animais como para humanos. Así na toponimia Pala da Osa, Pa da Raposa, Cova da Londra, Cova da Lebre, Pala da Osa, Cova da Ovella, etc.; como lugar para actividades agropecuarias diversas (curro para o gando, silos, adegas, alvarizas, muíños...). Tamén son lugares de actividades clandestinas (relacionadas con contrabando e «estraperlo», pero tamén refuxio de «escapados» durante a guerra).

En moitas ocasións estes usos superpóñense na biografía das cavidades e algúns destes aspectos quedan fixos na toponimia específica. Un bo exemplo é o gran abrigo de Pala de Cabras, situado na parte máis oriental da provincia de Ourense, especialmente coñecido pola aparición de pintura prehistórica de tradición esquemática, pero que apareceu no transcurso dos traballos de prospección cando revisaban un dos chouzos da guerrilla antifranquista na coñecida como «Cidade da Selva» na parroquia de Casaio, termo municipal de Carballeda de Valdeorras²⁴ (Fig. 4).

Non é obxecto deste traballo facer un repaso de todos os usos ao longo dos tempos, pero podemos sinalar que o rango de actividades foi incrementando, sendo tamén lugares de encontro social, lecer e de prácticas sexuais. Algunha destas prácticas xeran lixo ou escombros, analizable como cultura material. Noutras ocasións, a aparición de

²⁴ TEJERIZO *et al.*, 2020.

manifestacións rupestres como os *graffiti*, sinalan un certo sentido de apropiación identitaria do lugar. (Fig. 5). As prácticas sociais, folclore e prácticas relixiosas revelan ricas tradicións culturais por volta das covas, que son percibidas e apropiadas. En todo caso, resulta moi suxestivo o aspecto sinalado por Dowd²⁵, de que as actividades antrópicas non sempre deixan pegadas dende o punto de vista material. Hai lugares significados que non gardan evidencias de uso antrópico aparente, polo que non sempre son identificables dende o punto de vista arqueolóxico, aínda que poden singularizarse como lugares sinalados na topografía simbólica.



Fig. 4. O abrigo de Pala das Cabras (Casaio, Carballeda de Valdeorras), con pintura rupestre prehistórica de tradición esquemática e chouzo da guerrilla antifranquista, na coñecida como «Cidade da Selva»



Fig. 5. Graffiti rupestre no interior da Cova das Adeghas (Mesego-Partovia O Carballiño, Ourense)

²⁵ DOWD, 2015.

3. COVAS NA XENTE

Na experiencia analizada no ámbito do noroeste peninsular, o imaxinario establece unha relación específica entre as paisaxes aéreas e o mundo subterráneo a través de determinados lugares de acceso ao inframundo, no que as cavidades ocupan un lugar destacado. A idea cosmolóxica é a do *axis mundi* ou eixo do mundo²⁶, presente en numerosas culturas, como punto de conexión entre o ceo a terra ou como lugar onde se produce a hierofanía. Reforza esta idea, o feito de que as covas son lugares que provocan unha resposta emocional, dende o punto de vista sensorial (falta de luz, sons, cheiros, posturas corporais) e debemos ter en conta o seu potencial para transformar mental, espiritual e socialmente a unha persoa²⁷. O relato máis significativo é o da mencionada Cova de Adegas (Partovia, Carballiño) que posuía a máxica propiedade de facer esquecer o pasado a quen pasase unha noite nela, sendo empregada polos fregueses para que un can perdesse a memoria do seu antigo amo cando era vendido²⁸.

As cavidades tamén son goridas de animais míticos, como a Tarasca, ou A Moura da Coca, no caso de Redondela (Pontevedra), onde se celebra no Corpus esta festividade²⁹.

Aínda que a toponimia específica das covas pode aludir en ocasións a individuos concretos (a Cova de Manuel, a Cova de Manuel do Goriño, a Cova de María Castaña, de Xan Ranos, de Xan Vello, etc.), en xeral, son percibidas como lugares *dos outros*. Así moitas son designadas como lugares onde habita «a mourindade»³⁰, tanto no referido aos mouros, como no vinculado ás mouras ou encantos³¹. En palabras de Taboada Chivite, «ficou na memoria da xente un mundo que non é noso, un mundo de seres míticos, con forzas máxicas e vida soterrada e sobrenatural»³². Esta atribución de valores simbólicos, expresada en diversos aspectos, conforma unha singular cosmoxía.

Unha boa descrición deste inframundo podemos vela no relato da morte de Álvaro Pérez de Moscoso alá polo 1469³³.

Este Alvaro durou pouco e segundo fama entrando na cova da Curuxa a buscar un gran tesouro por consello dun freire que era gran nigromante, e levando consigo trinta escudeiros e peóns moi valentes, a ante eles moitas achas acendidas e tizóns moi grandes de carballo, cordas longas amarradas na entrada da cova con estacas e a xente armada, e entrando pola cova dentro atoparon aves tan grandes que lle daban golpes na cara moi grandes, e andaron ata chegar a un río de gran caudal, e viron na

²⁶ ELIADE, 1981.

²⁷ DOWD, 2015.

²⁸ MOSQUERA, 2011.

²⁹ ADALID, 2021.

³⁰ ASOCIACIÓN DE ESCRITORES E ESCRITORAS EN LÍNGOA GALEGA, ed., 2012.

³¹ REBOREDO, 2004, 2006; TRAVASSOS, AMORIM FILHO, 2011; QUINTÍIA, ed., 2012; LLINARES, 1990.

³² TABOADA, 2008 [1965]: 15.

³³ PONTE, GONZÁLEZ, 2008.

outra ribeira xentes estrañas fermosas ricamente vestidas, tanxendo instrumentos e vendo pasar e todos acordaron dar a volta, mais o freire dicía: — Adiante, adiante, que non é nada; e eles non o quixeron crer. E entón saíu un vento tan grande que lles apagou as achas. E, malia ser tan bo día cando saíron deus contra deles un vento envelenado que ninguén deles saíu do ano con vida, e o freire despois perdeu a vista dos ollos³⁴.

Outra descrición inédita, é a referida para o lugar de Pena Corneira, na provincia de Ourense³⁵.

Diciase que fai moitos anos era posible chegar de Pena Corneira ata Ribadavia por debaixo da terra. Contaban que había un túnel subterráneo que conectaba o castelo de San Juan de Pena Corneira e o castelo de Ribadavia.

A xente da aldea de Corneira e das áreas circundantes baixaban a pé, unha vez ó mes, ata Ribadavia para vender animais, ovos, queixo, e, en xeral, todo o que tivesen que lles puidese ser útil tanto para a venta como para o intercambio. Contaban que un deses días, cando emprenderon o camiño, armouse unha forte tormenta e un gran vendaval. O tempo foi empeorando durante o día e xa cando se achegaba a noite, eran incapaces de completar o camiño de volta. Entón, cando estaban á altura do monte de Pena Corneira, atoparon a unha muller que nunca antes viran. Dita muller ofrecelles que a acompañaran e que lles permitiría pasar a noite nun lugar seguro para que puidesen continuar o seu camiño ó día seguinte. Subiron polo monte, un espazo característico pola cantidade de cavidades e pedras de gran tamaño que alí se atopan. A muller meteuse dentro dunha destas covas e, ó fondo, apoiou a man nunha pedra e díxolle: «Ábrete, moura». Cando a moura pronunciou estas palabras, a pedra moveuse deixando ver unhas longas escaleiras. Ao baixalas atoparon un poboado subterráneo cheo de mouros. Estes vivían, segundo contaban, en cabanas de madeira e pedra debaixo da terra.

A vinculación de covas con mulleres de capacidades sobrenaturais é unha constante, non só en relación ás «mouras», como construtoras de paisaxes³⁶, senón tamén en relación a bruxas ou mulleres perigosas que viven á marxe da sociedade nestes antros³⁷, semellantes ao caso da *Serrana de la Vera* na provincia de Cáceres³⁸. Sería o caso da Raiña Lupa,

³⁴ Recuperado en <<http://historiadegalicia.gal/2018/02/os-aires-envelenados-da-desconecida-cova-da-curuxa-mataron-varios-cabaleiros-no-seculo-xv>>.

³⁵ Lenda recollida por Antía Sánchez González da súa familia da aldea de Corneira, no concello de Leiro (Ourense).

³⁶ ALONSO, 1998.

³⁷ LESTÓN, 2014; ASOCIACIÓN DE ESCRITORES E ESCRITORAS EN LINGOA GALEGA, ed., 2018.

³⁸ GONZÁLEZ, 2007.



Fig. 6. Representación no imaxinario dalgunhas das mulleres de capacidades sobrenaturais vinculadas coas covas e penedos: Muller con Pedra (1944), obra de Luís Seoane inspirada na imaxe da moura co penedo na cabeza «construtora de paisaxes», en homenaxe á muller campesiña galega; Cartel da ópera *A Raíña Lupa*, vinculada coas cavidades do Pico Sacro e a lenda xacobeá; Cartel da obra *La Serrana de la Vera*, sobre esta figura mítica da paisaxe de Estremadura

que para a profesora Mar Llinares é exemplo privilexiado das relacións existentes entre unha forma mítica utilizada pola cultura oficial para a difusión do culto ao Apóstolo Santiago, pero tamén en todo semellante a moitas outras mulleres míticas que aparecen no folclore galego baixo o nome de señoras, señoritas ou mouras³⁹ (Fig. 6).

Poden relacionarse con algunhas figuras históricas en forma de relatos de carácter semimítico. Así a lenda referida á Pala da Osa, en Portozón (Castrelo do Val, Ourense), segundo a que unha nena perdeuse no monte coas cabras e as ovellas e foi gorecerse co seu can entre dous enormes penedos, ata que finalmente deron con ela. Cando regresou á súa casa, a súa avoa preguntoulle o lugar onde se refuxiara, e ao dicirllo, fixo unha cruz dicindo:

³⁹ LLINARES, 1990.

Jesús, que milagre, tiveches sorte, porque alí preto hai unha cova moi grande e escura, na que á noite aparecen voando moitos paxaros negros, e que non teñen plumas, parecen ratas que voan, e chúpalle o sangue do pescozo dos que se achegan por aquelas paraxes, e sácanlle os ollos sen facer ningún ruído, e tampouco teñen pico, pois as súas bocas son como as dos ratos grandes; din os antepasados que son as almas dos que morreron en pecado mortal, e agora andan errantes ata o fin do mundo⁴⁰.

Segundo contan, tal cova era a mesma na que, segundo a tradición, refuxiouse o Rey Frumario, xefe dos Suevos, no século V, cando escapaba perseguido dende Braga polo seu irmán Remismundo, que quería usurparlle o trono. Alí estaría varios días, cos seus máis fieis seguidores, ata que uns pastores disfrazárono e tomou o camiño de Astorga⁴¹.

Probablemente fora tamén caso da Pala das Cuncas, situada nos montes da Edreira (Laza, Ourense), fronte á Serra de San Mamede, que foi paraxe do famoso guerrilleiro antifranquista Mario do Langullo⁴², pero que Castro⁴³ propón tamén como acubillo do propio Manuel Blanco «Romasanta» e os seus cómplices, cara a 1851, derivando este feito tanto da tradición oral como da documentación escrita recollida.

As covas son tamén o lugar do acceso ao purgatorio, relación sinalada por topónimos como covas do inferno ou pozos do demo. Un interesante exemplo é o da *Cueva del Demo* localizada no monte Llanteiro (Boal, Asturias)⁴⁴, coas súas paredes pintadas dende a prehistoria, pero tamén escritas polos fuxidos ao monte, e refuxio do gando (Fig. 7). Os antropomorfos pintados en vermello na tradición da arte esquemática, evocan a iconografía cristiá do «demo», semellante á das pinturas de tradición románica representadas na Ermida de Santa Eulalia (Barrio de Santa María, Palencia), ou aos típicos *diabos* do entroido de Vinhais no Nordeste Transmontano. A cova está cerca do lugar de Cedemonio (Illano, Asturias), que evoca unha vella lenda. Contan que varios monxes construíron unha ermida alí en honra a San Pedro. Nun documento do cartulario de Oscos, escrito en lingua galego-portuguesa e datado en 1162 polo abade do mosteiro, documéntase a venda dunha herdanza situada en Cedemonio polo prezo dun boi e cen salarios. Segundo a lenda, a partir dese día quedaron protexidos do demo que subía dende o río Urubio. Pero tamén tiveron que ver unha pedras maravillosas: as *sampedras* (unha variedade de andalucita coñecida como quiastolita e abundante en Boal). Ante estas pedras coa cruz inscrita, o demo «cedeu» e os seus berros deixaron de soar⁴⁵.

⁴⁰ Recollida por Nieves Amado, de Manuel Fernández, a quen contoullo unha veciña de Monteveloso.

⁴¹ Comunicación personal da arqueóloga Nieves Amado.

⁴² DOMÍNGUEZ, 2016.

⁴³ CASTRO, 2013.

⁴⁴ BLAS, CARROCERA, 1985.

⁴⁵ Agradecemos a Estefanía Sánchez e Alfonso Menéndez a súa dispoñibilidade para acompañarnos a esta cavidade, así como ao Principado de Asturias o permiso para esta visita realizada en xullo de 2018.



Fig. 7. Cueva del Demo localizada no monte Llanteiro (Boal, Asturias), coas súas paredes pintadas dende a prehistoria, pero tamén escritas polos fuxidos ao monte, e refuxio do gando

No relativo ao demo, é destacable o caso da chamada Cueva de Salamanca, en realidade a cripta da Igrexa de San Cebrián (ou Cipriano) (Fig. 8). Conta a lenda que Satanás, baixo a aparencia de sancristán, impartía as súas doutrinas a 7 alumnos por 7 anos⁴⁶, nunha escola de artes máxicas. Recollida na literatura por Cervantes, Calderón da Barca e outros⁴⁷, a lenda viaxou a América, onde «salamanca» é un xeito de denominar ás covas. Tamén o nome dos libros de maxia popular ou Ciprianiños, atribuíndoos a San Cipriano o mago, que fora discípulo de Satanás antes de converterse⁴⁸.

Toda esta relación cos avernos, ten o seu correlato nos procesos transformación dos cultos e cristianización das covas, dos que temos moitos exemplos. O caso do Buraco da Pala (Serra de Passos, Mirandela), cristianizada polo propio Bispo de Bragança nos anos 80, e dedicada a San Bento, onde celebraban misa nun altar no interior⁴⁹, ou a Cova de Peñalba⁵⁰ (Peñalba de Santiago, León), vinculada ao eremitismo. Tamén por suposto os grandes enclaves de aparicións marianas, como é o caso da Covadonga (Cangas de Onís, Asturias) ou a gruta de *Masabielle* en Lourdes (Francia), ou a menor escala, o *Santuario de*

⁴⁶ GARCÍA-FIGUEROLA, 2012.

⁴⁷ «Entremos, que quiero averiguar si los diablos comen o no, con otras cien mil cosas que de ellos cuentan; y por Dios que no han de salir de mi casa hasta que me dejen enseñado en la ciencia y ciencias que enseñan en la cueva de Salamanca». En el entremés «La cueva de Salamanca» de Miguel de Cervantes Saavedra.

⁴⁸ Referencia de Félix Castro.

⁴⁹ VIEIRA, 2015.

⁵⁰ LORENZO, 2018.



Fig. 8. Cripta da Igrexa de San Cebrían (ou Cipriano), coñecida na literatura como Cueva de Salamanca, onde segundo a lenda Satanás, baixo a aparencia de sancristán, impartía as súas doutrinas a 7 alumnos por 7 anos

la Virgen de la Peña de Francia (El Cabaco, Salamanca) ou a Cova da Virxe da Franqueira (Coto da Vella, A Cañiza), por non sinalar os diversos casos de *La Virgen de la Cueva*, coa invocación á chuva (Fig. 9).

Un fenómeno destacable é a frecuente reprodución parcial e/ou en miniatura destas cavidades, tanto en forma de *souvenir* relixioso, como en forma de pequeno templo, como a réplica da Gruta de Lourdes situada no xardín de acceso á Igrexa das Concepcionistas en Viveiro, na Mariña lucense. Noutras ocasións, o que se recrea a escala orixinal, son as «condicións» das mesmas para o turismo experiencial, mediante elementos museográficos de carácter sensorial (escuridade, cheiros, humidade...). Así o xurdimento de «neocovas», como a réplica da Cova de Ekain (Zestoa, Euskadi)⁵¹, ou as diferentes réplicas de partes da Cova de Altamira, que emulan a visita ás pinturas paleolíticas no seu contexto, evitando o impacto sobre as condicións das orixinais. Noutros casos,

⁵¹ Disponible en <ekainberri.eus>.



Fig. 9. Algunhas cavidades enclaves de aparicións marianas: Gruta de *Masabielle* en Lourdes (Francia); Covadonga (Cangas de Onís, Asturias); Cova da Virxe da Franqueira (Coto da Vella, A Cañiza); *Santuario de la Virgen de la Peña de Francia* (El Cabaco, Salamanca)

como na Cueva de Avín, onde se atopa o Museo de Interpretación de la Fauna Glacial (Onís, Asturias)⁵² (Fig. 10), dispónse escenografía para presentar diferentes especies que habitaron a cavidade durante o Plistoceno. Resulta interesante que o proceso de xeración destas neocovas, propiciou avances considerables nas premisas da investigación arqueolóxica, ao obrigar a reproducir as condicións sensoriais, as posicións corporais e os xestos técnicos das persoas que crearon estas manifestacións, ás veces localizadas en zonas remotas onde non chega a luz ou de difícil acceso⁵³. Se ben a sociedade moderna recrea estas condicións con destino á difusión e socialización da arte rupestre, poderíamos preguntarnos dende cando as sociedades recrean artificialmente as cavidades ou as súas condicións. Así, unha das interpretacións da arte conservada no interior das cámaras funerarias megalíticas sería a intención de reproducir a casa e a paisaxe cotián desfrutada

⁵² Disponible en <faunaglacial.com>.

⁵³ MÚZQUIZ, 1994.



Fig. 10. Escenografía no acceso á Cueva de Avín, onde se atopa o Museo de Interpretación de la Fauna Glacial (Onís, Asturias)



Fig. 11. Cova das Choias ou Casa das Grallas (A Gudiña, Ourense), cova natural de xisto cuarcítico que as comunidades perciben como artificial ou que «foi feita»; e mina percibida como cavidade natural vinculada aos mouros en Penaboeira (Castrelo do Val)

en vida polas persoas inhumadas no sepulcro⁵⁴, pero tamén podería reproducir as condicións propias das cavidades, en ocasións con uso funerario e con potencial de albergar manifestacións rupestres.

Este último aspecto lévanos a outro tema interesante como son os límites difusos entre o «natural» ou «artificial» no imaxinario. A percepción cartesiana do orixinal ou recreado, do natural e artificial, non é extensible a todas as mentalidades, dimensión que non sempre se tivo en conta por algúns enfoques teóricos da investigación arqueolóxica, pero que pon de manifesto unha simple ollada ao imaxinario e a tradición oral. Temos aquí o caso da Cova das Choias ou Casa das Grallas (A Gudiña, Ourense), cova natural de xisto cuarcítico que as comunidades perciben como artificial ou que «foi feita»⁵⁵, ou galerías mineiras que se perciben como covas naturais e en ambos casos vincúlanse á mourindade (Fig. 11).

Serve tamén o exemplo da Cova dos Mouros no Monte Tucela (Forcas, Ourense), onde apareceu unha espada da Idade do Bronce, feito que deixou tamén o apelativo de Pena da Espada. Trátase dunha cova de formación natural que pasou a ser descrita pola arqueoloxía como «*cova artificial*» por unha interpretación errónea da tradición oral asociada, que refería que «fora feita» polos mouros que saían por alí a lavar a roupa⁵⁶ (Fig. 12). Como noutros casos, a tradición sobredimensiona as súas medidas, mediante o relato dun túnel profundísimo «que vai dar ao río Mao». Este é un elemento habitual, ao igual que a idea de túneles que comunican lugares de importancia simbólica e lugares sinalados que son entrada a ese inframundo. Un bo exemplo é a propia Cova do Pico, ou Burato dos Mouros do Pico Sacro, relacionada con a lenda Xacobeia e da Raíña Lupa, que sinala a súa conexión co pozo de San Xoán da Cova, nas ribeiras do río Ulla⁵⁷. Nestes relatos resultan fundamentais as «probas», tanto das dimensións como das conexións. Así as lendas de cans que transitan polo inframundo e saen lonxe ao exterior co lombo pelado, a da galiña e os pitíños, que aparecen na noite de San Xoán indicando a presenza dun tesouro, a dos cabalos que saen a beber, como na Lorga de Dine (Vinhais, Portugal), ou as moedas que se escoitan caer e caer no interior das simas.

Existen moitos exemplos da concepción animista da paisaxe, onde as rochas non se perciben como materia inerte. Moitos penedos considéranse seres petrificados, actantes na configuración da paisaxe percibida, e ata época medieval existía unha concepción embrionaria dos minerais no interior das minas en relación cos astros. Plinio⁵⁸ escribía que «las menas de Galena de España “renacían” al cabo de cierto tiempo». Esta unión entre o

⁵⁴ BREUIL, 1933; CLARK, 1955; GUSI I JENER, 2006.

⁵⁵ Disponible en <urdinheira.blogspot.com/2009/07/cova-das-choias-ou-casa-das-grallas.html>.

⁵⁶ COMENDADOR, NIETO, RODRÍGUEZ, 2014.

⁵⁷ LLINARES, 1990.

⁵⁸ PLINIO (NAT. HIST. XXXIV, 49).



Fig. 12. Cova dos Mouros no Monte Tucela (Forcas, Ourense), cova de formación natural que pasou a ser descrita pola arqueoloxía como «cova artificial» por unha interpretación errónea da tradición oral asociada

ceo e a terra está representada na figura da Santa Bárbara, padroeira do trebón, e de todo o relacionado cos explosivos, e por extensión, tamén da minería.

Estes eixos ou «centros» que permiten viaxar entre mundos actúan sobre todo en días sinalados do ciclo anual, como o San Xoán, no que se manifestan os encantos ou ábrense as portas do alén. É o momento das xeografías cambiantes, como os túneles que se abren na terra ou os «corredores» entre os penedos, permitindo o acceso ao inframundo e aos tesouros que este contén, a través do uso da maxia e da palabra pronunciada, como o «Ábrete Sésamo» no popular conto de Alí Babá e os corenta ladróns. Os relatos contan como os incautos que introducíronse no inframundo corren o risco de quedar prisioneiros alí para sempre, sen poder regresar ao mundo exterior.

CONSIDERACIÓNS FINAIS

A presenza de simas e covas na xeografía física do noroeste peninsular é menos escasa do que se pensaba, pero sobre todo, o máis relevante é a súa enorme importancia e dimensión en termos simbólicos e a súa influencia na percepción cultural do territorio.

Na cosmovisión desta rexión, o inframundo constitúe un espazo fundamental, sendo as cavidades, tanto reais ou imaxinarias, os limiares polos que se accede. Estes lugares adquiren un carácter sacro que se materializa a través das narrativas ancoradas nos topónimos, creando a cartografía mítica do territorio. Outras veces simplemente permanecen na memoria ou créase unha topoloxía simbólica, que non sempre ten un referente concreto na paisaxe.

Como diría Connerton⁵⁹, pensamos xeralmente na memoria como unha facultade individual, pero existe algo como unha memoria colectiva ou social. A concepción do inframundo no imaxinario colectivo non son segmentos illados de memoria individual, senón que conforma unha memoria social; lugares interconectados simbolicamente a través dun ritual representado de xeito reiterado e colectivo por unha comunidade de persoas que comparten un mesmo relato e memoria. Este relato traspasa os límites do territorio tratado neste ensaio, e tamén vai sufrindo modificacións e resignificacións ao longo dos tempos.

Non é unha simple cuestión anecdótica, nin folclorista, senón información fundamental para entender a nosa paisaxe cultural. Ademais hai «lugares naturais» fisicamente inalterados pola acción antrópica, pero que poden ter adquirido un significado especial para as comunidades (tanto do presente como do pasado), algo que so é posible recoñecer a través da identificación de vestixios de actividades humanas nas súas inmediacións, na que fora chamada «arqueoloxía dos espazos naturais»⁶⁰.

Así pois, a partir dalgunhas ideas recollidas neste breve ensaio, podemos debullar algunhas consideracións finais.

- Os diversos materiais e testemuñas relacionados coas cavidades no ámbito do noroeste peninsular, non son fenómenos illados, senón que forman unha unidade de base⁶¹ fundamental, que forma parte da «realidade» colectiva ou cosmovisión e actúa sobre a mesma.
- Aínda que algunhas cavidades foron estudadas dende perspectivas como a xeoloxía, a espeleoloxía ou a arqueoloxía, é necesario integrar e enriquecer as súas dimensións mediante unha concepción integral do coñecemento entre diferentes disciplinas.
- A necesidade dun enfoque integrado é crucial tanto na súa investigación como na súa difusión e socialización, dada a importancia do patrimonio inmaterial para traballar en comunidade. Como xa fora sinalado, as identidades colectivas están a miúdo conectadas a través do folclore, facilitando o establecemento dun vínculo de empatía. O traballo coas narrativas das propias comunidades sobre o territorio

⁵⁹ CONNERTON, 1999.

⁶⁰ BRADLEY, 2013.

⁶¹ VENTUROLI, 2009.

facilitan a ruptura dos procesos xerárquicos de arriba a abaixo e propicia a suma horizontal e híbrida de saberes.

- O imaxinario pode abordarse dende o estudo das actitudes, crenzas e prácticas, pero tamén dende a perspectiva material, xa que as testemuñas son tanto tanxibles como intanxibles, o que require unha necesaria conexión entre a etnografía e a arqueoloxía.
- A nosa paisaxe natural e cultural está en risco debido a políticas depredadoras do territorio. Quizais a través deste enfoque integrado podamos traballar pola protección do noso patrimonio material e inmaterial, de xeito máis efectivo que cunha perspectiva eivada ou parcial. Abarcar este desafío é urxente, obrigatorio e necesario.

AGRADECEMENTOS

Este traballo deriva da palestra impartida no marco do evento *Tradição oral e Arqueologia*, celebrada o 19 de marzo de 2021. Quero agradecer o convite a Alexandra Vieira pola oportunidade de poder presentar algúns aspectos para incidir na necesidade de estudar a dimensión biográfica e simbólica da paisaxe, e de integrar os distintos saberes na construción de coñecemento.

Tamén quero agradecer a revisión e valiosos comentarios de Rosa Brañas Abad, Félix e Castor Castro Vicente, e Andrea Mouriño Schick.

BIBLIOGRAFÍA

- ADALID, Rafael José (2021). *Serpes e dragóns. Paralelismos entre a tradición oral de Galicia e o norte peninsular*. «Galicia Encantada». 17. [Consult. 23 marzo 2022]. Dispoñible en <<https://galiciaencantada.com/lenda.asp?cat=3&id=3046>>.
- ALONSO, Fernando (1998). *Las mouras constructoras de megalitos: Estudio comparativo del folklore gallego con el de otras comunidades europeas*. «Anuario Brigantino». 21, 11–28. [Consult. 23 marzo 2022]. Dispoñible en <<https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/2506479.pdf>>.
- ÁLVAREZ, Luis (2011). *La categoría del paisaje cultural*. «Revista de Antropología Iberoamericana». 61:1, 58–80. [Consult. 23 marzo 2022]. Dispoñible en <<https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/3442240.pdf>>.
- ALVES, Lara; COMENDADOR, Beatriz (2009). *Rochas e metais na Pré-historia para além da físico-química*. In BETTENCOURT, Ana; ALVES, Lara, eds. *Dos montes, das pedras e das águas. Formas de interacción com o espaço natural da pré-história à actualidade*. Porto: CITCEM; APEQ, pp. 37-54.
- AELG: ASOCIACIÓN DE ESCRITORES E ESCRITORAS EN LINGOA GALEGA, ed. (2012). *Os mouros e as mouras: máxicos enigmáticos da mitoloxía popular*. *Actas das V Xornadas de Literatura de Tradição Oral*. Lugo: Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.
- AELG: ASOCIACIÓN DE ESCRITORES E ESCRITORAS EN LINGOA GALEGA, ed. (2018). *O rol da muller na literatura de tradición oral*. *Actas da XI Xornada de Literatura de Tradição Oral*. Lugo: Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.

- BLAS, Miguel Ángel de; CARROCERA, Elías (1985). *La cova del Demo (Boal): una estación de arte rupestre esquemático en el occidente asturiano*. «Boletín del Seminario de Estudios de Arte y Arqueología». BSAA. 51, 47–82.
- BRADY, James E.; VILLAREJO, Juan Luis Bonor (1993). *Las cavernas en la geografía sagrada de los mayas*. In IGLESIAS, María Josefa; LIGORRED, Francesc, coord. *Perspectivas antropológicas en el mundo maya*. Madrid: Sociedad Española de Estudios Mayas, pp. 75–96.
- BRADLEY, Richard (2013). *An Archaeology of Natural Places*. Oxford: Routledge.
- BREUIL, Henry (1933). *Les peintures rupestres schématiques de la Péninsule Ibérique*. Lagny: Imp. de Lagny.
- CASTRO, Castor (2013). *Manuel Blanco «Romasantá» como «O Home do unto»*. *Memoria escrita*. Comunicación para as 2ª Xornadas Romasantá memoria oral. (Allariz 1 de novembro de 2012). Rexistro da Propiedade Intelectual OU-040/13.
- CERRILLO, Enrique; GONZÁLEZ, Antonio (2007). *Cuevas para la eternidad: sepulcros prehistóricos de la provincia de Cáceres*. Atacina: Instituto de Arqueología de Mérida. (Colección de Estudios Históricos de la Lusitania).
- CLARK, Graham (1955). *L'Europe préhistorique, les fondements de son économie*. Paris: Payot.
- COMENDADOR, Beatriz; NIETO, Eduardo; RODRÍGUEZ, Víctor (2014). *La espada de Forcas (Parada de Sil, Ourense), en el contexto de la cuenca hidrográfica del río Sil*. In BETTENCOURT, Ana et al., eds. *Corpos e metais na fachada Atlântica da Ibéria. Do Neolítico à Idade do Bronze*. Porto: CITCEM, pp. 83–106. [Consult. 23 marzo 2022]. Disponible en <<https://repositorium.sdum.uminho.pt>>.
- CONNERTON, Paul (1999). *Como las sociedades recuerdan*. Cambridge: Cambridge University Press.
- COSTAS, Bernardino; OTERO, Tereiza; LÓPEZ, José Manuel (2008). *Myths, legends and beliefs on granite caves*. «Cadernos do Laboratorio Xeolóxico de Laxe». 33, 19–34.
- CRIADO, Felipe et al. (2016). *Atlas arqueolóxico da paisaxe galega*. Vigo: Xerais.
- CLUBE ESPELEOLÓXICO MAÚXO; CID, Alba (2022). *Tesouro Espeleolóxico Galego*. Vigo: A Central Folque.
- DOMÍNGUEZ, José (2016). *A Edreira, el último bastión de la resistencia en Ourense*. El Ejido: Círculo Rojo. (Colección Investigación).
- DOWD, Marion (2015). *The Archaeology of caves in Ireland*: [Barnsley]: Oxbow Books.
- ELIADE, Mircea (1981). *Lo sagrado y lo profano*. Barcelona: Labor.
- EVIA, Carlos Augusto (2018). *Mitos y Cavernas de Yucatán*. Mérida: Asociación de Cronistas e Historiadores de Yucatán.
- EVIA, Carlos Augusto (2020). *Mitos y cavernas de México*. Mérida, México: Universidad José Martí de Latinoamérica.
- FÁBREGAS, Ramón et al. (2012). *Ocupacións prehistóricas e históricas nas cavidades das serras orientais galegas: Cova de Eirós (Triacastela) e Valdavara (Becerreá)*. «Gallaecia». 31, 17–45.
- FERNÁNDEZ, David (2016). *Ocupación de cavidades naturais da Galicia Suroriental na Prehistoria Recente*. Vigo: Universidade de Vigo. Trabajo Fin de Grado inédito.
- FERNÁNDEZ, David (2017). *Arqueoloxía e cavidades naturais no noroeste peninsular*. Vigo: Universidade de Vigo. Trabajo de Fin de Máster inédito.
- GARCÍA-FIGUEROLA, Miguel (2012). *Tesoros escondidos de la Meseta Norte*. Valladolid: Museo etnográfico de Castilla y León.
- GONZÁLEZ, Alejandro Arturo (2007). *La Serrana de la Vera: constantes y variaciones de un personaje legendario*. «Culturas Populares. Revista Electrónica». 4. [Consult. 23 marzo 2022]. Disponible en <<https://ebuah.uah.es/xmlui/handle/10017/19655>>.
- GUSI I JENER, Francesc (2006). *La concepción simbólica en las estructuras megalíticas: una arquitectura -concebida para la Diosa Madre neolítica*. «Quaderns de prehistòria i arqueologia de Castelló». 25, 91–107.

- LESTÓN, María Aurora (2014). *Mozas-dragón e mozas de dragóns*. «Anuario Brigantino». 37, 103-122.
- LLINARES, Mar (1990). *Mouros, ánimas, demonios. El imaginario popular Gallego*. Torrejón de Ardoz: Akal.
- LOMBERA, Arturo de, ed. (2011). *Caves and people. Archaeological research at the eastern margins of NW Iberia (To the West of Spanish Cantabria: the Palaeolithic Settlement of Galicia)*. In LOMBERA, Arturo de; FÁBREGAS, Ramón, eds. *To the West of Spanish Cantabria: The Palaeolithic Settlement of Galicia*. Oxford: BAR Publishing, pp. 111-22. (BAR International Series; 2283).
- LÓPEZ, Olalla (2008). *Estudo antropolóxico dos restos óseos recuperados na necrópole da Cova do Santo, Pardollán, Rubiá, Ourense. Unha necrópole da idade do Bronce en Galicia*. «Revista Real Academia Galega de Ciencias». 27, 131-145.
- LÓPEZ, Olalla; MÜLDNER, Gundula; MARTÍNEZ, Antonio (2015). *Diet and lifestyle in Bronze Age Northwest Spain: the collective burial of Cova do Santo*. «Journal of Archaeological Science». 55, 209-218. DOI: 10.1016/j.jas.2015.01.009.
- LORENZO, Xurxo; PÉREZ, Fernando (2022). *Furnas en Galicia. Desafiando al Atlántico*. «Gota a Gota». 25, 62-72.
- LORENZO, Josemi (2018). *La cueva de San Genadio en el valle del Silencio, Peñalba de Santiago (León). Datos documentales*. «Vínculos de Historia». 7, 348-365.
- MÉNDEZ, Eduardo et al. (2020). *O xacemento das Covas da Trapa (Monte Aloia, Galicia) como exemplo de continuidade de ocupación durante o Neolítico final e a Idade do Bronce no NW da Península Ibérica*. «Cuadernos de Estudos Galegos». 67:133, 15-43. DOI: 10.3989/ceg.2020.133.01.
- MOSQUERA, Manuel (2011). *Lendas de Ourense*. Ponte Caldelas: Edicións do Cumio.
- MÚZQUIZ, Matilde (1994). *Análisis del proceso artístico del arte rupestre*. «Complutum». 5, 357-368.
- PONTE, Vasco da; GONZÁLEZ, Clodio (2008). *Relación dalgunhas casas e liñaxes do reino de Galiza*. 1.ª ed. Noia, A Coruña: Toxosoutos (Seitura).
- QUINTÍA, Rafael, ed. (2012). *Mouros e mouras, Na procura de nós mesmos*. In *Actas das V Xornadas de Literatura de Tradición Oral. Os mouros e as mouras: máxicos enigmáticos da mitoloxía popular*. Lugo: Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, pp. 13-40.
- REBOREDO, Xosé Manuel (2004). *Leyendas gallegas de tradición oral*. Vigo: Editorial Galaxia.
- REBOREDO, Xosé Manuel (2006). *Lendas gallegas de tradición oral*. Vigo: Editorial Galaxia.
- RODRÍGUEZ, Carlos; FÁBREGAS, Ramón; CARRERA, Fernando (2019). *Intervención arqueológica en el abrigo de Cova dos Mouros (Baleira, Lugo). Un primer ejemplo de pintura esquemática en Galicia*. «Munibe». 70, 185-205. [Consult. 23 marzo 2022]. DOI: 10.21630/maa.2019.70.08.
- TABOADA, José (2008 [1965]). *O culto das pedras no Noroeste peninsular*. Discurso ingreso na Real Academia Galega. Real Academia Galega. Concello de Verín. [Consult. 23 agosto 2023]. Disponible en <<https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/view/221/217/499>>.
- TEJERIZO, Carlos et al. (2020). *Hallazgo de un conjunto de pintura esquemática prehistórica en el sitio de Pala de Cabras, en Casaio (Orense)*. «Boletín del Instituto Andaluz del Patrimonio Histórico». 28:100, 38-56.
- TRAVASSOS, Luis Eduardo; AMORIM FILHO, Oswaldo Bueno (2011). *As cavernas como lugares especiais na Geografia Universal de Elisée Reclus*. «Biblio 3W». XVI:926, 1-30.
- VAQUEIRO, Marcos (2003). *Caracterización de cavidades de bloques graníticos y cuevas estructurales de Vigo-Tui (Galicia, España). Análisis morfoestructural del sistema de O Folón*. «Cadernos do Laboratorio Xeolóxico de Laxe: Revista de xeoloxía galega e do hercínico peninsular». 28, 231-262.
- VAQUEIRO, Marcos (2017). *Cavidades naturais en rocas magmáticas: las cuevas en rocas plutónicas*. Tesis doctoral UDC. [Consult. 23 marzo 2022]. Disponible en <<https://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/19154>>.
- VAQUEIRO, Marcos; VIDAL, Juan Ramón; COSTAS, Reinaldo (2020). *Pseudokarst: un mundo en las otras cuevas*. «Gota a Gota». 22, 56-65.

- VAQUEIRO, Marcos; VILLARMEA, Gonzalo; VIDAL, Juan Ramón (2022). *Cuevas en cuarcitas. Una aproximación al parakarst en Galicia*. «Gota a Gota». 25, 73-83.
- VENTUROLI, Sofía (2009). *Una mirada al interior de la cueva*. In GORZA, Piero; DOMENICI, Davide; AVITABILE, Claudia, eds. *Mundos zoque y maya: miradas italianas*. Mérida: Universidad Nacional Autónoma de México, pp. 73-92.
- VIEIRA, Alexandra (2015). *Contributo para o estudo dos vestígios arqueológicos – do VI ao I milénio a. C. Paisagens e Memórias na bacia hidrográfica do Douro*. Porto: FLUP. Tese doutoral.
- VIGO, Abel (2007). *Sobre a arqueoloxía mindoniense*. «Rudesindus», 125-133. [Consult. 23 marzo 2022]. Disponible en <<https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/2926521.pdf>>.
- VILLA, María Eugenia (2009). *Los imaginarios sociales*. «Uni-pluri/versidad». 9:3, 1-10.